

	el	ela	eles	elas
De	del	dela	deles	delas
En	nel	nela	neles	nelas

Serie átona:

OD	me	te	o,a	nos	vos	os,as
OI	me	che	lle	nos	vos	lles
reflexivo	me	te	se	nos	vos	se

- As formas átonas de OD da 3ª persoa (**o, a, os, as**) presentan dous alomorfos:

– **Lo, la, los, las:**

- ⇒ Despois das formas verbais rematadas en **-s** e dos **infinitivos**.

Isto tedes que estudalo.

Non vales para as bromas, cóllelas moi mal.

- ⇒ Tras os pronomes átonos de OI, **nos, vos** e **lles**, na contracción:

Daránvolo mañá.

Trouxenllelos aquí.

- ⇒ Tras os adverbios **eis** e **u**:

Xa que tanto buscaches os cartos, eilos.

Que colla a chaqueta?, e ula?

- **No, na, nos, nas:** despois dos verbos rematados en ditongo decrecente.

Axudouno moito.

Rompeuno o neno.

- **Te** e **Che** non deben confundirse xa que un é de OD e outro é de OI.

Tireite ao río.

Tireiche os pantalóns ao río.

Para non ter confusión, empregaremos **te**, cando poida ser substituído na oración polo pronome de 3ª persoa **o** ou **a**.

Vinte no cinema.

Vino no cinema.

E empregaremos **che**, cando poida ser substituído na oración polo pronome de 3ª persoa **lle**.

Contareiche un conto.

Contareille un conto.

Cando aparecen dúas formas átonas xuntas, primeiro vai o pronome OI (**me, che, lle, nos, vos, lles**) e logo o pronome de OD (**o, a, os, as**), contraendo como se mostra no cadro:

	me	che	lle	nos	vos	lles
o	mo	cho	llo	nolo	volos	llelos
a	ma	cha	lla	nola	vola	llela
os	mos	chos	llos	nolos	volos	llelos
as	mas	chas	llas	nolas	volas	llelas

Levou as fotos a el → Levoulle as fotos → Levoullas.

Levou as fotos a elas → Levoulles as fotos → Levoullelas.

O Pronome Persoal

Exercicios:

1º Substitúe os nomes polos correspondentes pronomes persoais tónicos:

1. Maruxa e Brais foron ao partido.
2. Ti e mais eu iremos á praia.
3. Anxo e ti podedes vir.
4. Uxía vai vir contigo e comigo.
5. Ela é tan alta coma Marta.

2º Cambia as seguintes oracións empregando o pronome de cortesía:

1. Non che darei nada disto.
2. Contareiche o que pasou.
3. Ti les moito.
4. Ti sabes o que hai que facer.

3º Pon os pronomes tónicos que correspondan:

1. Queremos que _____ nos acompañen (dona Carme e o don Antón)
2. É mellor que veñas _____ (con María e eu)
3. Fíxeno por _____ (Xan e Brais)
4. Trouxérono para _____ (eu)
5. Queres vir _____ (con eu)?

4º Acentúa as seguintes oracións:

1. Nos non queremos que vos pase nada a vos.
2. Nos sempre nos duchamos antes de almorzar.
3. Nos saudamos a María e a Carme, a vos non vos vimos.
4. Vos dicides que tedes mais libros ca nos.

5º Substitúe o OD (subliñado) polo correspondente pronome:

1. Regalou un can a meus tíos.
2. Vin as pedras no camiño.
3. Quería comer o queixo.
4. Comeu o pan.

6º Substitúe o OI polos pronomes correspondentes:

1. Deixou todo o que tiña aos seus fillos.
2. Conteí (a ti) todo.
3. Dixen a María moitas cousas.
4. Vendín a miña casa (a ti e a Marcos).

7º Substitúe os OD e os OI polos pronomes correspondentes:

1. Nin comeu a sopa nin comerá os cachelos.
2. Non trouxeron o lapis para ti.
3. Os vecinos cortaron a maceira o xoves.
4. Vou servir uns vasos de leite para vos.
5. rapaz púso os seus lentes ao can
6. Saíu moi cedo da casa e gardou as chaves.
7. Mañá traeremos uns libros para a túa irmá.
8. Solicitamos a axuda ás autoridades municipais.

9. Puxen catro problemas aos alumnos.
10. Sirve o caldo aos teus irmáns.
11. Fai os deberes á súa irmá porque ela non sabe.
12. Di a verdade a estes homes.
13. Tróuxonos un regalo ben bonito.
14. Ensinouvos canto sabía.
15. Darei a ti todo canto me pidas.
16. Non che quero esas nabizas.
17. Quen vos dera este pastel!
18. Non me fagas ese feo.
19. Hei dar a vós todo o meu.
20. Entregou un paquete ao veciño.

8º Traduce ao galego as seguintes oracións:

1. Ayudarlo.
2. Comerlo.
3. Lo recuerdas.
4. Recuerdas el accidente.
5. Te lo entregué.
6. Se lo mencionó
7. La conoces.
8. Nos lo comimos.
9. Se los dieron a ellas.
10. Conoces la historia.
11. Lo había comido.
12. Leería el libro.
13. María había ido a su casa.
14. Te mandó callar.
15. No se lo contó.

Exercicios do posesivo:

Introduce o posesivo nos espazos baleiros:

1. Vou sempre cos _____ avós á feira.
2. Necesitaba o _____ dicionario.
3. Iso non o cre nin a _____ irmá.
4. A avoa está sentada na _____ cadeira.
5. As _____ curmás sonche de Rivadavia.
6. Non me serven os _____ pantalóns.
7. En Ribadeo coma en Bueu, cada un paga o _____.
8. Ninguén quiso pagar as _____ débedas.